

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Elaboración, xestión e avaliación de estratexias integradas de desenvolvemento urbano sustentable

CONVOCATORIA: Curso superior sobre elaboración, xestión e avaliación de estratexias integradas de desenvolvemento urbano sustentable

GRUPO: Servizo EIP EGAP

ÁREA: Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	100
-----------------------	----------------	--------------	-------------	---------------	-----

ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2017
------------------------	-------------------	----------------	-----------	-------------	------

MOD.IMPARTICIÓN:	MIXTO	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1
-------------------------	-------	-------------------	----------	------------------	---

DATA MATRÍCULA: Do 10/02/2017 - 08:00h ao 17/02/2017 - 23:00h

RESPONSABLE: []

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O curso ten, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Dar a coñecer ao persoal da Administración pública en Galicia os obxectivos das políticas europeas en materia de desenvolvemento urbano e territorial a través do concepto Estratexia DUSI e da convocatoria do IDAE.
- Profundar na necesidade de incorporar esta visión e obxectivos estratéxicos da EE2020 na planificación municipal galega.
- Transmitir a necesidade de desenvolver este tipo de Estratexias non só para optar a fondos Europeos do período 2014-2020, senón tamén como instrumento que permite aumentar a capacidade de interlocución das entidades locais con axentes privados e outros organismos de financiamento.
- Dar a coñecer unha metodoloxía e ferramentas de xestión de fondos europeos a través da implementación das estratexias DUSI.
- Coñecer experiencias de referencia de desenvolvemento, implementación e xestión das estratexias DUSI.
- Dar a coñecer unha metodoloxía para a confección de pregos públicos de licitación de asistencia técnica de xestión e avaliación da estratexia.

Formación básica para o control e interrelación con outros axentes/equipos internos e externos intervinientes no proceso de elaboración de Estratexias DUSI que permita unha axeitada supervisión, xestión e avaliación de dito traballo.

DESTINATARIOS

O curso está dirixido a aqueles profesionais que se encadren nalgunha das situacións seguintes:

1. Pertencer ao grupo A (subgrupos A1 ou A2) do persoal funcionario.
2. Pertencer aos grupos I ou II do persoal laboral.
3. Persoal contratado polas administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente, cargos electos, así como profesionais que se atopen en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico.

PROGRAMA

O curso estrutúrase nos seguintes bloques:

Bloque 1.

A. Consideracións xerais sobre a problemática da estratexia das cidades:

- A planificación estratéxica. Elementos que a caracterizan.
- Utilidade de dispoñer dunha estratexia para xestionar os cambios urbanos contemporáneos.
- Xestión da estratexia da cidade: xestión, seguimento e avaliación.
- Nova gobernanza territorial.

B. O marco da Axenda Urbana Europea e o desenvolvemento urbano nas políticas europeas. O impacto no POCS.

Bloque 2.

Consideracións xerais sobre as estratexias integradas de desenvolvemento urbano.

- Os marcos conceptuais de referencia (UE, Europa 2020, Rede de Iniciativas Urbanas, etc.).
- Concepto de área urbana (Ámbitos territoriais da planificación estratéxica).
- Concepto de autoridade urbana (Gobernanza territorial).
- Sinerxías de fondos e financiamento cruzado (FEDER e FSE).
- Estratexia europea para as zonas urbanas.
- Principais plans de fondos europeos. FEDER, FSE, Horizon 2020, etc.
- Grandes eixos temáticos da política europea:
 - Sustentabilidade.
 - Inclusión social.
 - Crecemento intelixente.

Bloque 3.

Elaboración, implementación e xestión da estratexia. Principais elementos:

- Análise inicial integrada da problemática/retos urbanos da área.
- Diagnóstico e identificación de prioridades.
- A participación cidadá. Consulta pública.
- Delimitación do ámbito de actuación.
- Programa de actuacións.
- Proxectos e actuacións.
- Indicadores de seguimento e avaliación

Bloque 4.

Práctica e aplicación a un caso concreto.

- Apartado 1: Metodoloxía e criterios de avaliación na elaboración dunha estratexia DUSI.
- Apartado 2: Análise individual de caso (a escoller entre 3 propostos).
- Apartado 3: Taller peer review sobre os tres casos analizados (10 alumnos por caso).
- Apartado 4: Análise de Indicadores.

Bloque 5.

Os concellos e a nova gobernanza pública.

- Transparencia, bo goberno e participación cidadá.

Bloque 6.

Práctica final: esquematización para casos concretos.

Bloque 7.

Principios e criterios xerais na xestión dunha estratexia de desenvolvemento urbano.

Bloque 8.

Traballo fin de curso.

Elaboración dunha reflexión de avance sobre unha estratexia DUSI vinculada ao ámbito territorial de procedencia (desempeño laboral) do alumnado.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Unha vez formalizado o pago da matrícula, total ou fraccionado, deberá enviarse xustificante bancario ao enderezo de correo novas.egap@xunta.gal, especificando o nome e apelidos do alumno. A formalización da inscrición no curso quedará condicionada ao envío do dito xustificante no prazo establecido.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 02/03/2017 a 11/05/2017

NUM. PRAZAS: 40

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

José Manuel Peña Penabad

Estrategies Qualitat Urbana, S.L.

Juan Arredondo de la Fuente

Jose Antonio Ruiz de Casas

M^a DOLORES ORTIZ SANCHEZ

ESTRATEGIA E ORGANIZACIÓN, S.A.

Yolanda Alcalá García

ISABEL RENDO VILAS

LUCIANO GONZALEZ ALFAYA

Javier González Harguindey

Maria Angeles Huete García

LUGAR DE REALIZACIÓN

Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Rúa Madrid 2-4. 15707 - Santiago de Compostela (A Coruña)

SALON DE ACTOS: O día 11 de maio de 10:00 a 14:30.

AULA 2: O día 02 de marzo de 09:30 a 14:30. O día 02 de marzo de 16:30 a 19:30. O día 09 de marzo de 09:30 a 14:30. O día 09 de marzo de 16:30 a 19:30. O día 16 de marzo de 09:30 a 14:30. O día 16 de marzo de 16:30 a 19:30. O día 23 de marzo de 09:30 a 14:30. O día 23 de marzo de 16:30 a 19:30. O día 30 de marzo de 09:30 a 14:30. O día 30 de marzo de 16:30 a 19:30. O día 06 de abril de 09:30 a 14:30. O día 06 de abril de 16:30 a 19:30. O día 20 de abril de 09:30 a 14:30. O día 20 de abril de 16:30 a 19:30. O día 27 de abril de 09:30 a 14:30. O día 27 de abril de 16:30 a 19:30. O día 04 de maio de 09:30 a 14:30. O día 04 de maio de 16:30 a 18:30.